

ACTA

En Arzúa, a 5 de xullo de 2016.

Sendo as 9,30 horas, reúnense no Salón de Comisións dentro da Casa do Concello, os membros da Comisión Seleccionadora, que cualificará o **terceiro exercicio sobre coñecementos do idioma galego**, previsto no procedemento de selección polo sistema de concurso, que tiña sido convocado para poder seleccionar á persoa que desempeñará o posto de traballo de Axente TIC, para a Aula CEMIT deste concello, durante un período de tempo que comprenderá ata o remate do programa para cuxa execución é necesario realizar este proceso de selección, que rematará o día 31 de decembro de 2016; e iso de conformidade coas Bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 12 de abril de 2016.

Asisten a esta reunión os seguintes tres integrantes da Comisión Seleccionadora:

.Presidente: D. Javier María López Rodríguez (*Coordinador TIC no Instituto de Educación Secundaria de Arzúa*)

. Vogais:

-D^a María Teresa Gómez Cea (*Educadora Familiar do Concello de Boimorto*).

. Secretario: D. Juan Colmenares López-Soldado (*Secretario do Concello de Arzúa*).

E, visto que existe o quórum suficiente para a válida constituíció da Comisión Seleccionadora, -de conformidade eco disposto no artigo 26, nº 1, da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común-; o Sr. presidente procedeu a declarar constituída dita Comisión; dispoñendo que seguidamente se ía proceder a confeccionar o texto en castelán, que deberán traducir ao galego, no tempo máximo de trinta minutos e sen axuda de diccionario, os catro aspirantes que tiñan sido convocados para realizar este exercicio (José Ramón López Fortes, Luis Antonio Gómez Capellín, María González Barco e Laura Gutiérrez Pérez), por non ter acreditado que estaban en posesión do Celga 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

Resultando que, despois de comprobar que ningún dos catro aspirantes se encontraba agardando para realizar este exercicio fóra do Salón de Comisións, decidiuse esperar dez minutos máis, sen que nese tempo nin despois tivera comparecido ningún deses catro aspirantes.

Polo que, ao non haber realizado o exercicio para o que estaban convocados, conviuse -por unanimidade dos tres membros do Tribunal Cualificador- en declarar a eses catro aspirantes como non presentados sen outorgarlles ningunha puntuación neste exercicio.

E tendo en conta, segundo se dispón na Base 10^a das que rixen o concurso:

a) Que a puntuación final do proceso de selección virá determinada pola suma da puntuación obtida no concurso e na acreditación do coñecemento do idioma galego; e

b) Que para o suposto de que o aspirante que resulte proposto ao alcalde para a súa contratación, non puidera acreditar os requisitos necesarios para ser nomeado funcionario interino, ou renuncie a tal nomeamento, trasladarase a proposta de nomeamento a favor do seguinte ou seguintes aspirantes en orde de puntuación, de maneira sucesiva.

Esta comisión seleccionadora –por unanimidade dos seus tres membros asistentes– adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Formular ao alcalde a proposta de contratación, para desempeñar o posto de traballo de Axente TIC para a Aula CEMIT deste concello, a favor da aspirante Eliana Bouzas Collazo (con 21,5 puntos), co obxecto de realizar as función previstas na Base 2ª das que rexen o proceso de selección; cuxa puntuación total é o resultado de sumar as puntuacións obtidas nos apartados que figuran no seguinte cadro:

Nome e apelidos	Valoración méritos	Entrevista	Galego	Total
Roi Rigueira Agromartín	0'25	NP	2'50	2,75
Mª Paz López Ponte	5	1'75	2'50	9,25
Beatriz González Vázquez	5	NP	2'50	7,5
José Ramón López Fortes	2'5	NP	NP	2'5
Cristina María Cendrán García	2	NP	2'50	4,5
José Vicente Villaboy Saa	5	NP	2'50	7,5
Miguel Ángel Rial Quintela	9'80	NP	2'50	12,35
Óscar Fernández Clapés	17	NP	2'50	19,5
Ricardo Piñeiro Suárez	0	NP	2'50	2,5
Roberto Carlos Iglesias Mosquera	0	NP	2'50	2,5
Luis Campos Varela	0	NP	2'50	2,5
Iván Blanco Díez	2'50	NP	2'50	5
Gaspar Domínguez Méndez	14'15	NP	2'50	16,65
Mauricio Carreño López	4	NP	2'50	6,5
Agustín Manuel Antelo Amigo	9'25	NP	2'50	11,75
Martín Rodríguez Pardo	9'20	NP	2'50	11,70
Olalla Calvelo Rico	17	NP	2'50	19,5
María Jesús Modia Ares	3	NP	2'50	5,5
Mª del Carmen Prieto Rojo	9'65	NP	2'50	12,15
Luis Antonio Gómez Capellán	11	NP	NP	11
María González Barco	3'55	NP	NP	3,55
Marta Pérez Seguí	6'75	NP	2'50	9,25
Alba Rial Moure	7	1'25	2'50	10,75
Rebeca Sánchez Andrade	12'50	NP	2'50	15
Marcos Viqueira García	5	NP	2'50	7,5
Beatriz Cortegoso Álvarez	2'50	NP	2'50	5
Eliana Bouzas Collazo	19	NP	2'50	21,5
Laura Gutiérrez Pérez	5	NP	NP	5
Carlos Antonio Gómez Mariño	5	2	2'50	9,5

* NP = Non Presentado

Segundo.- Concretar que , para o suposto de que a aspirante proposta para ser contratada como Axente TIC, non puidera acreditar –dentro do prazo dos tres días previstos na Bases 12ª- os requisitos necesarios para realizar a súa contratación, ou renunciase a ser contratada, a proposta de contratación agora realizada se traslade a favor do seguinte ou seguintes aspirantes, polo orde da puntuación total obtida; e, para o suposto de que a puntuación de dous ou máis aspirantes fose a mesma, a proposta de contratación realizárase a favor daquel aspirante que tivera obtido maior puntuación no apartado de experiencia profesional da fase de valoración de méritos, tal como se indica na Base 10ª (antepenúltimo apartado).

Terceiro.- Concretar que, para o suposto de que persistira a mesma puntuación en dous ou máis aspirantes, aos que correspondese ser contratados por renuncia do anterior ou anteriores aspirantes en orde de puntuación, a proposta de contratación realizárase a favor daquel aspirante que tivera presentado en primeiro lugar no Rexistro Xeral do Concello, a súa solicitude para participar neste proceso de selección.

Cuarto.- Dispoñer a súa publicación no Taboeiro de Edictos da Casa Consistorial dun exemplar da presente acta:

a) Para coñecemento dos interesados, e aos efectos de reclamacións ou de calquera outro posible acto impugnatorio, e

b) Para determinar o inicio do cómputo do prazo de tres días hábiles (a partir do día seguinte ao da publicación desta acta), co obxecto de que os aspirantes propostos poidan presentar a documentación esixida na Base 12ª das que rexen o concurso.

Co cal se dá por rematado o acto, ás 10.30 horas do indicado día; extendéndose a presente acta, para ser suscrita polos membros da Comisión Seleccionadora e para constancia no expediente. De todo o cal dou fé.